



O Ministerio pretende adiar até 2027 o comezo dos cambios nos corpos docentes das ensinanza artísticas

A proposta do calendario de aplicación da Lei 1/2024 foi colgada na web do Ministerio sen presentala e negociala antes cos sindicatos

O Ministerio de Educación colgou no seu portal web, na sección de trámites abertos para audiencia e información pública, un proxecto de real decreto para establecer o calendario de aplicación da Lei 1/2024 pola que se regulan as ensinanza artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanza artísticas profesionais. Fíxoo despois de ter sido requirida esta información pola CIG-Ensino nas últimas Mesas Docentes estatais e sen obter ningunha información da previsión para tratar este tema, xa de urxencia dado que debe estar aprobado antes do mes de xullo deste ano, nun prazo dun ano que fixa a propia Lei desde a súa publicación.

As datas previstas nese borrador indican un período excesivamente extenso para a implantación das ensinanza mais sen dúbida o que máis destaca, desde o punto de vista do profesorado, é a inexplicábel demora proposta para ter aprobada a normativa básica de ordenación dos corpos docentes e a integración dos corpos declarados para extinguir nos corpos de nova creación.

Esa data, antes do **31 de maio de 2027**, implica que non habería ningún cambio efectivo para o profesorado, como moi cedo, antes do curso escolar 2028/29, xa que unha vez publicada a normativa estatal aínda debe a Xunta regular todo o desenvolvemento a nivel galego, incluídos os procesos de integración.

Para a CIG-Ensino esa proposta é un despropósito xa que non hai nada que impida que a nova ordenación do profesorado se faga canto antes. Neste sentido, o sindicato trasladará ao Ministerio, en canto se convoque a mesa de negociación, unha proposta que permita que no curso 2026/27 xa poida estar realizada a integración nos novos corpos.

Un mal indicativo do que se pode agardar do Ministerio

Se a nova deixará, con certeza, dunha peza ao persoal docente das ensinanza artísticas de Galiza e de todo o

estado, tamén indica con rotundidade o que a CIG-Ensino concluíu logo da última reunión co Ministerio e tras a proposta de constituír grupos de traballo para a reforma da profesión docente: non hai ningunha intención seria de dar pasos adiante no sentido que a CIG-Ensino e outros sindicatos vimos demandando: mellora das condicións de traballo e integración no subgrupo A1 de todos os corpos docentes.

Se o propio goberno pretende levar o remate dun proceso xa iniciado hai case un ano para o 2027 cando, se non hai adianto electoral, remata a lexislatura, xa dá boa mostra da nula vontade de facer cambios que afecten a un maior número de docentes.

A que profesorado afectan os cambios nos corpos docentes?

O persoal docente que ten motivos para quedarse de pedra ao coñecer esta previsión temporal é todo o que imparte ensinanza artísticas (conservatorios profesionais e superiores de música e danza, escolas de arte e deseño, de restauración e de arte dramática).

Os cambios que se terán que facer e que agora o Ministerio adía varios anos son:

- creación do novo corpo de cátedras de ensinanza artísticas superiores
- creación do novo corpo de profesorado de ensinanza artísticas superiores.
- creación do novo corpo de cátedras de ensinanza artísticas profesionais.
- creación do novo corpo de profesorado de ensinanza artísticas profesionais.
- procesos de integración do actual profesorado dos dous corpos existentes (cátedras e profesorado de música e artes escénicas) nos novos corpos.

PROPOSTA DE CALENDARIO DE APLICACIÓN DA LEI 1/2024 DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS

ACCIÓNS	PRAZO
Composición e funcións do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas	Antes do 31 de xullo de 2025
Procedemento para a equivalencia dos estudos de Danza anteriores á LOXSE cos estudos superiores regulados nesta	Antes do 30 de setembro de 2025
Reais Decretos dos primeiros títulos de EEAA profesionais e relación cos estándares de competencias profesionais	Antes do 30 de abril de 2026
Registro Estatal de Ensinanzas Artísticas Superiores	Antes do 30 de setembro de 2026
Ordenación das ensinanzas de grao e mestrado (directrices xerais dos plans de estudo, modalidades, acceso...)	Antes do 30 de setembro de 2026
Estabelecer características do programa de formación para a función directiva	Antes do 30 de setembro de 2026
Condições do plan de estudos do mestrado de especialización en investigación e didáctica para exercer docencia nas EEAA superiores	Antes do 30 de setembro de 2026
Determinar requisitos para obter a designación de profesorado emérito	Antes do 30 de setembro de 2026
Requisitos e procedemento para a expedición de títulos de grao e mestrado	Antes do 31 de marzo de 2027
Normativa básica de ordenación dos corpos docentes e integración nos novos corpos daqueles declarados para extinguir	Antes do 31 de maio de 2027
Regulamentación das condicións básicas para creación e autorización de centros que impartan EEAA superiores e requisitos mínimos	Antes do 30 de setembro de 2027
Estatuto Básico do estudantado de EEAA	Antes do 30 de setembro de 2027
Publicación dos Reais Decretos dos plans de estudo dos títulos de grao	Antes do 30 de setembro de 2027
Aplicación da normativa básica para os novos títulos de mestrado	Na entrada en vigor desa normativa (antes do 30/09/2027)
Prazo máximo para adaptar títulos de mestrado xa existentes	5 anos desde a entrada en vigor da normativa (antes do 30/09/2032)
Prazo máximo para a implantación progresiva dos plans de estudos de grao	10 anos desde a entrada en vigor da normativa (antes do 30/09/2037)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acoruha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal